



I OPEN XUNTA DE GALICIA
CIRCUITO GALLEGO SENIOR 2019
SQUASH CLUB SANTIAGO



BASES:

1º.- O Campionato realizarase nas instalacións do Squash Club Santiago en Avda. Rosalía de Castro, 59 Milladoiro (Ames); Os días **1 e 2 de marzo de 2019**.

2º.- Para inscribirse no torneo **é obrigatorio estar en posesión da Licenza Federativa da F.G.S. 2019.**

3.- As inscricións faranse a través da APP **RANKEDIN**, no seguinte enlace: <https://rankedin.com/en/tournament/487/i-open-xunta-de-galicia-2019> enviaremos a información por email. Mentras instauramos a app tamén se podera facer do email da FGS info@gsquash.org .

4º.- O peche da inscrición será o **luns, 25 de febreiro de 2019 ás 20 horas.** O **precio da inscrición será de: 10 €.** Entregarase unha camiseta /ou detalle conmemorativo do torneo.. **O pago realizarase antes de dar comezo o primer partido.**

5º.- O martes, publicarase o listado provisional de inscritos/as, repartidos en grupos de oito, en Categorias: Primeira, Segunda, Terceira , cuarta e sucesivamente. Nesta primeira proba fánzanse seguindo o último Ranking Galego Absoluto Publicado. **O ser mixto,** as xogadoras inscritas entrarán nas distintas categoría, por decisión técnica. Na seguintes probas, as categorías estarán marcadas polo Ránking do circuito, prevalecendo o Ránking Galego Absoluto, para as novas entradas, para non disvirtuar os cadros e as categorías.

6º.- O mércores publicarase o listado definitivo de inscritos/as por categoría. E publicaríanse os cadros provisionais, que serían sempre de 8 xogadores, exceptuando os de última categoría que poderían ser de ata 15 xogadores.

7º.- Os xogadores están obrigados a coñecer o seu horario de xogo, no caso, da súa incomparecencia, 15 minutos despois do horario do seu partido, serán dados W.O.

8º.- O torneo xogarase coa bola oficial da Federación Galega de Squash, **Dunlop Dobre punto.**

9º.- Os partidos xogaranse ó millor de cinco xogos de 11 puntos **e xogaranse tódolos postos.**

10º.- O uso das gafas protectoras homologadas de Squash será obrigatorio (para as xogadores sub).

11 º.- O Xuíz- Árbitro do torneo será: **D. PABLO RODRÍGUEZ MOSQUERA** e as súas decisións serán inapelables.

12º.- Os Xogadores deberán estar dispostos a arbitrar, cando o xuíz-árbitro así llelo indique.

13º.- O torneo é valedeiro para o Ránking Galego e o terá un Ranking Propio para o Circuito.

14º.- En cada proba, podrán subir o baixar de categoría segundo o número de puntos os dous primeiros xogadores e baixar os dous últimos.

Primera Categoría		Segunda Categoría		Tercera Categoría		Cuarta Categoría	
1º	600 puntos	1º	540 puntos	1º	460 puntos	1º	380 puntos
2º	590 “	2º	530 “	2º	450 “	2º	370 “
3º	580 “	3º	500 “	3º	420 “	3º	340 “
4º	570 “	4º	490 “	4º	410 “	4º	330 “
5º	560 “	5º	480 “	5º	400 “	5º	320 “
6º	550 “	6º	470 “	6º	390 “	6º	310 “
7º	520 “	7º	440 “	7º	360 “	7º	280 “
8º	510 “	8º	430 “	8º	350 “	8º	270 “

No caso de que houbera, máis categorías seguiríase a mesma secuencia numérica.

15º.- Entregaranse en cada proba premios o Primeiro e segundo de cada Categoría. Na última proba realizarase unha entrega de premios os primeiros, segundos e terceiros de cada categoría segundo o Ranking do Circuito.

16º.- Para cerrar a Tempada de Competición 2019, farase un MÁSTER GALEGO, no que participarán un número cerrado de xogadores. Será un gran campeonato cun gran número de premios. Para poder inscribirse neste torneo habrá que ter participado nun mínimo de 2 probas do Circuito Sénior e no Campionato Galego Absoluto.